

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Orientador laboral.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Orientador laboral- q.c.e

DECRETO NÚMERO 719/2008 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

**Ilmo. Sr. Don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. De Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.
Lugo, a dezaseis de setembro de dous mil oito.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008.

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 3.09.2008, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Orientador/a Laboral pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluída na referida Oferta de Emprego.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordo número 1/877 do dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2008, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a a unha praza de Orientador/a Laboral pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a plazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 do 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na sesión do 3.09.2008, que seguidamente se transcriben:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ORIENTADOR/A LABORAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Orientador laboral.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Orientador laboral- q.c.e

funcionario de carreira, a unha praza de orientador/a laboral, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, no marco do proceso de consolidación de emprego temporal en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL".

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/á aspirante nomeado/a, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: orientador/a laboral
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: técnico medio

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Diplomatura universitaria ou título equivalente ou superior.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en

PERSOAL

MLP/egp

Ref^a: convocatoria- bases específicas Orientador laboral.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Orientador laboral- q.c.e

calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

- d) Do mesmo xeito, deberá xuntarse á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

6º.- PROCESO SELECTIVO

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios do Excmo.Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas e figuran nas bases décimo cuarta e décimo quinta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, dos que integran o temario de materias específicas. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de tres horas.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias dos titulares destas prazas.

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Orientador laboral.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Orientador laboral- q.c.e

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

1. A orientación profesional e laboral. Principios básicos e modelos de intervención na formación inicial e na formación continua. Autoorientación.
2. A orientación profesional e os programas de transición á vida activa. Distintos modelos. Desenvolvemento detallado dun deles.
3. Os prexuízos sexistas e racistas na educación e no traballo. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades. Programas non discriminatorios
4. Análise e avaliación do potencial profesional e dos intereses persoais, coñecementos, competencias e motivacións no proceso de autoorientación. Procedementos e instrumentos.
5. A información profesional na orientación. Concepto e método: busca, selección e tratamento da información. Sistemas e fontes para a información na orientación profesional e laboral.
6. Organización ocupacional do sistema produtivo e orientación. Áreas ocupacionais e perfís profesionais. Itinerarios tipo. Elaboración dos itinerarios formativos-profesionalizadores no proceso de orientación.
7. A toma de decisións na orientación profesional. Modelos. Madureza profesional. Organización dunha conduta decisoria.
8. O proceso de busca de emprego. A organización da busca. O proceso de selección de persoal, técnicas e instrumentos.
9. Fontes de información estatística. Sistema de interpretación de datos.
10. Autoemprego. Ideas xerais. Empresas de economía social. Subvencións. A habilidade emprendedora.

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Orientador laboral.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Orientador laboral- q.c.e

11. O mercado de traballo. Distribución da poboación. Evolución da poboación en España. As políticas de emprego. Situación laboral de colectivos desfavorecidos. Profesións con futuro. Perspectivas no ámbito laboral.
12. Esixencias de adaptación ó medio laboral e ó posto de traballo. Capacidades xerais e formación continua. Novas concepcións empresariais dende a perspectiva da flexibilidade e da participación.
13. Discapacidade e necesidades educativas especiais. Apoios específicos na formación, na orientación e no emprego.
14. O liderado como trazo de personalidade. A influencia dos líderes no marco da organización. Tipoloxías de liderado. Relacións de poder. A xerarquía na organización.
15. Os equipos de traballo. Dinámica de grupos. Técnicas de dinámica e dirección de grupos. Aplicación no ámbito laboral. Dirección de reunións. Etapas para desenvolvemento dunha reunión eficaz. A participación no equipo de traballo. Os grupos informais.
16. A motivación laboral. Definición, teorías e proceso de motivación. As necesidades do individuo. A motivación no ámbito laboral. Diagnóstico e avaliación da motivación. As condicións de traballo e a motivación laboral. Técnicas de motivación laboral.
17. O contrato de traballo: concepto, elementos. Capacidade para contratar. Forma do contrato de traballo. Duración. Traballos excluídos e relacións especiais de traballo. O período de proba.
18. Modalidades de contratación: aprendizaxe, en prácticas, a tempo parcial, etc. O traballo de mulleres, menores e estranxeiros. As axencias de colocación sen fins lucrativos. As empresas de traballo temporal.
19. Dereitos e deberes do traballador. O modo de prestación: deber de dilixencia. Categoría e clasificación profesional. O deber de boa fe. O poder de dirección do empresario: manifestacións e límites. O poder disciplinario: faltas, sancións e procedemento sancionador.
20. Prestación básica do traballador: tempo de prestación. Xornada, horas extraordinarias. Clases de xornadas e horarios. Descanso semanal, festas e permisos. Vacacións.
21. Prestación básica do empresario: salario. Concepto e clases. Lugar, tempo e forma de pagamento dos salarios. O salario mínimo interprofesional. Protección do salario.
22. Estrutura do recibo de salarios: salario base, complementos salariais e prestacións extrasalariais. Deducións. Determinación da base de cotización á Seguridade Social e da base suxeita á retención do IRPF. Liquidación de haberes.

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Orientador laboral.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Orientador laboral- q.c.e

23. Participación dos traballadores na empresa. Órganos de representación: delegados de persoal e comité de empresa. Procedemento electoral. Competencias. Garantías laborais. O dereito de reunión.
24. Os sindicatos. A liberdade sindical. Funcionamento do sindicato. A acción sindical na empresa. Réxime xurídico sindical e tutela da liberdade sindical. As asociacións de empresarios.
25. Convenios colectivos: concepto e natureza xurídica. Unidades de negociación, lexitimación e vixencia. Procedemento negociador. Acordos de adhesión e actos de extensión. O contido do convenio colectivo. Interpretación. Acordos marco.
26. Modificación do contrato de traballo: mobilidade funcional, xeográfica e modificación das condicións de traballo. A subrogación empresarial: transmisión da empresa. Suspensión do contrato de traballo: causas e efectos.
27. A extinción do contrato de traballo. Modalidades de extinción. O despedimento disciplinario. Concepto e natureza. Forma, tempo e lugar do despedimento. A cualificación do despedimento disciplinario e os seus efectos xurídicos.
28. Conflitos individuais de traballo. A conciliación extraxudicial. Proceso ordinario: demanda, conciliación, xuízo e sentenza. Procesos especiais. Medios de impugnación: recurso de casación, de suplicación e revisión. Outros recursos.
29. Conflitos colectivos de traballo: clases e procedementos de solución. A folga: requisitos, desenvolvemento e efectos desta. O peche patronal.
30. A Seguridade Social en España. Normativa vixente e ámbito de aplicación. Estrutura do sistema da Seguridade Social. O réxime xeral da seguridade social. Inscrición de empresas. Afiliación, altas e baixas. Cotización recadación. Acción protectora.
31. Situacións protexibles pola Seguridade Social. Concepto, requisitos e contía das prestacións económicas. O réxime especial de traballadores autónomos.
32. A formación ocupacional. As políticas municipais de emprego. Actuacións no Concello de Lugo.
33. A formación profesional. Programas de garantía social.
34. A Lei de servizos sociais de Galicia. Estrutura e contido.
35. Competencias dos Concellos en materia de servizos sociais. Os servizos sociais no Concello de Lugo. Modelo organizativo municipal.
36. A Lei galega de medidas básicas para a inserción social. Antecedentes, estrutura e contido.
37. A Lei de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, a súa integración social. Dereitos e liberdades dos estranxeiros.
38. A política social da Comunidade Europea. O Fondo Social Europeo.

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Orientador laboral.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Orientador laboral- q.c.e

39. II Plan galego de inclusión social: destinatarios, obxectivos, metodoloxía de intervención e tipos de proxectos.
40. Plans nacionais de inclusión social.
41. O orientador laboral: funcións e tarefas. Ámbitos concretos de intervención. Obxectivos. Destinatarios.
42. Pobreza e exclusión social: conceptos, procesos e indicadores.
43. Minorías étnicas: necesidades e recursos. Problemáticas específicas e medidas de integración social.
44. Problemática da muller no eido laboral. Medidas legais para a igualdade de oportunidades.
45. Transeúntes e persoas sen teito: conceptos, problemáticas, necesidades e recursos.
46. Técnicas de investigación social.
47. Programas de adestramento en habilidades sociais. Habilidades básicas de comunicación e resolución de conflitos.
48. Programas de acompañamento social para persoas en situación de exclusión social.

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.